

A quen se lle diga ! Ai cousas que non se cren inda que se vexan !  
O nua vos conto sucedeu na festa do San Roque en Seivane. Serían as  
cinco da tarde, ~~xxxxx~~ A xente toda estaba rematando de xantar á sombra  
dos carballos e os pequenos a barullar mesturando os seus berros cos  
sonoros slogans publiciterios/das barracas enringleiradas ó longo do  
campo da festa cando nos decatamos do caso. Un home, inda novo, coa má-  
quina fotográfica nas mans, estaba a fotografiar un grupo de festeiros  
que insultábano e chamábanlle as máis noxentas palabras ó tempo que  
tapaban as caras con servilletas, tepedeiras de potas ou pratos.

A xente, abraiada, foise achegando formando roda ó redor dos prota-  
gonistas da inesperada ~~xxxxxxxxxxxx~~ <sup>espectáculo</sup> ~~xxxx~~ <sup>espectáculo</sup> ~~xxxx~~. O fotógrafo berraba: Isto é pa-  
ra unha reportaxe nos xornais! Ides ser a risa de tododiós ! E ti, Pilara,  
sairás no retrato tal e como es: Ollos azuis desorbitados, dentamía gran-  
de e rara coas enxibas amoratadas, cabelos alporizados tinguidos de ama-  
relo, corpo reseco coma unha estela, sempre con presas dun lado para  
o outro atal meiga adoecida...

A Pilara era a nai da súa noiva. Moito berraba e pedía axuda ós veciños  
para que a valeran contra quen, días antes, había ser o seu xenro prefe-  
rido. "O meu home, Ignacio, o xenro, as fillas -os netiños, coitados,  
desfacíanse en choros - todos xuntos - laiábase ela- non valen unha cade-  
la porque non ~~son~~ son quen de lle arrebolan cunha xarra de viño".

O público asistía neutral á función en agarda ~~xxxxxxxx~~ dun desenlá-  
ce dramático; pero, a Deus gracias, o drama non se deu e a representación  
teatral findou coa apresurada fuxida dos actores avergoñados polo audi-  
torio. Non había para menos.

A comedia foi chocante inda que vos pareza absurdo o ramate porque  
descoñecedes o argumento. Tentarei, logo, contalo sen me extender en  
demasiados detalles porque estes resérvoos para unha peza teatral que  
penso estrenar con extraordinario éxito.

Canto vos digo foi verdade. A Pilara ten dúas fillas, a máis nova,

Sabel, casada cun home que non pode traballar por mor dunha enfermidade sen cura posible, e con dous fermosos nenos. No lugar contábase que ~~ella~~ <sup>ela</sup> ~~xxxx~~ era xa a herdeira pois, dende hai unha ducia de anos, atende ~~o~~ co seu marido ó goberno da casa. A filla máis vella, Otilia, é un nisco atrasiada. Endexamáis lle falare ~~xxxx~~ mozo ningún e parecía ficar para celibata cando apareceu ~~xxxxxxx~~ disposto a casar coela o Sindo, o fotógrafo de quen vos falei.

A Pilara reloucaba de contento cada vez que o rapaz se presentaba na casa para parrafear coe filla. Cantas merendolas lle papou! Eu participei nunha casualmente ~~xx~~ e fun testemuña dun caso moi pavelo. Estaba de visita cuns parentes cando chegou o Sindo para falar coa noiva. A nai pediulle ~~xxxxxxxxxxxx~~ polo baixo ó seu home: "Ignacio, entretén ó Sindo namentres eu vou ó prado da Senra para levarlle roupa limpa á Otilia, que anda coas vacas e non é do caso que o mozo a vexa feita unha merda". (A Pilara ~~xxxxxxx~~ évos moi bruta falando).

O Ignacio tentou reter ó noivo; pero ós poucos, este montou no coche e aló que se foi ó prado da Senra e a Pilara, que oíu o motor do vello oitocentos, enrenegada por ter chegado a tempo, ~~xxxxxx~~ escondeuse nunha xesteira ata que o coche virou na revolta do Cochón, e voltou para a casa coas roupas novas da Otilia e puxo ó Ignacio a parir, como ela dicía no seu argot lingüístico.

Os pais da Otilia acordaron ~~xxxxxx~~ facela herdeira e os do Sindo dixeron ¿Como ides botar polo mundo á Sabel co seu home enfermo e os dous meniños? Cando casen, o máis doado sería que veñan para xunto de nós, ~~xxxx~~ ~~xxxxxxxxxxx~~ xa que só temos o Sindo e, querendo traballar, temos terras abondo.

A Pilara mantívose na súa teima ata que, días antes da boda, sucedeu algo que nunca ela sospeitara. ¿Quen lle iría co conto? ¿Non sería unha argallada da propia familia do Sindo para desbaratar a boda des que coñeceron a parroxiña que tiña engaiolada ó rapaz?

"O Sindo -bisbeseáronlle con gran segredo- éche un besta. Malla nas vacas ata mesmo deitalas no chan. Ti estás tole se casas a Otilia con ese mouro. Ata lle bate ós pais".



Do mesmo xeito que lle collera a arroutada de amañar o casorio e facer herdeira á Otilia, tomou a determinación - a máis acertada, pesou ela - de arranxerlle os petates á filla e mandala a Asturias, cabo dos tíos. "É polo teu ben -díxolle- e non te me arrepoñas. O casamento non che convén porque aseguráronme que o Sindo é un xudío. Malle nos pais coma nas vacas. Unha tempada cabo do meu irmán farache esquecer ese díaño do inferno".

Aquela mesma noite escribiulle ~~unha carta~~ ó noivo unha carta tan ben posta e tan atinada que non se lle houbera ocorrido ó mellor abogado da Universidade de Santiago.

"Con bágoas nos ollos e acedume no corazón pídooche, querido Sindiño, que non volvas poñer os pes nesta casa. A lagarta da miña filla veiche en Asturias para abortar. Só Deus sabe quen sería o desgreciado que che puxo os cornos".

De mañá cedo botouna no correo en Gandoi ó tempo que o coche de liña marchaba coa Otilia.

" A Deus gracias que me inspirou. Nin a televisión é quen de cismar saída tan acertada e tan política", pensaba a Pilara de volta para a casa; pero o escándalo non ~~xxxxxxx~~ tardou en ser público e extendeuse axiña polas parroquias veciñas coma o lume polos montes nos longos días de Agosto, cando o namorado rapaz dixo na <sup>taberna</sup> ~~xxxx~~ do Cereixal: "Non permitirei que o meu ~~xxxxxx~~ me deshonre mundo ediante e quero cumprir coa Otilia".

Era o víspera da festa de San Roque. A dona da taberna <sup>pediulle</sup> facilitoulle o teléfono do tío da Otilia e el ~~xxxxxxx~~ á noiva que sacara da idea a tolada de abortar. Descubriuse todo. Fora <sup>discurrira</sup> unha artimaña da Pilara que, confiando na virxinidade da súa filla, /a aragallada do aborto para para que o Sindo rompera as relacións.